



PROGRAMA DE MANEXO E ROTACIÓN PARA EXPLOTACIÓNS EXTENSIVAS DE PORCO CELTA



O presente programa só ten validez se vai acompañado do anexo final cumprimentado cos datos individuais da explotación acollida

1.	INTRODUCCIÓN	3
2.	XUSTIFICACIÓN	5
3.	CONDICIÓNS XERAIS DAS EXPLOTACIÓNS	6
3.1.	EXTENSIÓN DA SUPERFICIE	6
3.2.	DENSIDADE GANDEIRA	6
3.3.	INFRAESTRUCTURAS	7
3.3.1.	PECHE PERIMÉTRICO	7
3.3.2.	ACCESOS	9
3.3.3.	EDIFICACIÓNS	10
3.4.	ESTATUS SANITARIO DA EXPLOTACIÓN	10
4.	MANEXO DA ALIMENTACIÓN	11
5.	ASPECTOS MEDIOAMBIENTAIS	13
5.1.	MEDIDAS PARA EVITAR O DETERIORO DO MEDIO	13
5.2.	ESTUDO DA XEOMORFOLOXÍA E EDAFOLOXÍA	14
5.3.	ESTUDO HIDROLÓXICO	15
5.4.	SISTEMA DE XESTIÓN MEDIOAMBIENTAL	15
5.4.1.	XESTIÓN DE MEDICAMENTOS	16
5.4.2.	XESTIÓN DE PRODUTOS ZOOSANITARIOS	16
5.4.3.	XESTIÓN DE CADÁVERES	17
5.4.4.	XESTIÓN DE ESTERCOS E XURROS	17
6.	PROCEDEMENTO DE VERIFICACIÓN	21
7.	NORMATIVA DE REFERENCIA	22
	ANEXO I. DATOS DA EXPLOTACIÓN ACOLLIDA	24



1. INTRODUCCIÓN

A raza porcina galega Porco Celta está recoñecida como raza autóctona no Catálogo Oficial de Razas de Ganado de España (*Anexo I do Real Decreto 45/2019, do 8 de febreiro, polo que se establecen as normas zootécnicas aplicables aos animais reprodutores de raza pura, porcinos reprodutores híbridos e o seu material reproductivo, se actualiza o Programa nacional de conservación, mellora e fomento das razas gandeiras e se modifican os Reais Decretos 558/2001, de 25 de maio; 1316/1992, de 30 de outubro; 1438/1992, de 27 de novembro; y 1625/2011, de 14 de novembro*).



Morfoloxicamente os exemplares de raza Porco Celta son de tipo lonxilíneo. Teñen unha cara ancha e grosa coas orellas grandes e caídas sobre os ollos. O pescozo é longo e estreito. O lombo é arqueado en carpa e a cruz dos cadrís derrubada, cos costelares deprimidos e o ventre recollido. As extremidades son longas e robustas, ben adaptadas para a marcha, e destaca a conformación estreita e alongada dos xamóns que se di teñen forma de violín.

Segundo a cor da capa diferéncianse tres variedades:

- ***Santiaguesa, de capa branca***
- ***Barcina, con manchas de cor agrisada***
- ***Carballiña, con manchas de cor negra billante***



Dende o ano 1999 a Asociación de Criadores da Raza Porcina Celta (ASOPORCEL) traballa na recuperación desta raza, que se encontra en risco de desaparición. Ademais é a entidade responsable do programa de cría e xestiona o libro xenealóxico da raza.

A raza Porco Celta caracterízase pola súa rusticidade e, ao igual que o resto de recursos zootécnicos autóctonos desta Comunidade Autónoma, está perfectamente adaptada ao manexo en réxime de liberdade. Isto, unido ás especiais condicións bioclimáticas galegas, permite o desenvolvemento dun sistema de explotación extensivo no que os animais aproveitan directamente os recursos das parcelas nas que pastorean.

Deste xeito, o Porco Celta adoita a criarse en réxime extensivo ou semiextensivo. Así, a maior parte da súa vida transcorre ao aire libre e aproveita a dentemato, herba, castañas, landras, produtos da horta e froita, como alimento complementario a unha ración básica de mestura de cereais racionada e balanceada segundo a idade e a etapa produtiva.

Nos últimos tempos este sistema de cría estase revelando como un medio eficaz de controlar a masa de matogueira nos montes e bosques.



2. XUSTIFICACIÓN

O Real Decreto 1221/2009, de 17 de xullo, polo que se establecen normas básicas de ordenación das explotacións de gando porcino extensivo e polo que se modifica o Real Decreto 1547/2004, de 25 de xuño, polo que se establecen as normas de ordenación das explotacións cunícolas, estipula no seu artigo 4.1.f que nas explotacións porcinas extensivas se establecerá un programa de manexo e rotación, que deberá ser aprobado pola autoridade competente, para facer un aproveitamento racional do medio físico e evitar fenómenos de sobreexplotación que supoñan un deterioro do ecosistema de soporte.

Para desenvolver esta normativa estatal e proceder á ordenación das explotacións de gando porcino extensivo na Comunidade Autónoma de Galicia publícase o Decreto 223/2011 do 17 de novembro, co que tamén se crea o Rexistro Galego de Explotacións Porcinas Extensivas na Comunidade Autónoma de Galicia, e que establece:

- No seu artigo 4, que neste Rexistro Galego de Explotacións Porcinas Extensivas, integrado no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras (REGA), deben figurar inscritas a totalidade das explotacións porcinas extensivas situadas en Galicia.
- No seu artigo 5, que entre a documentación a presentar para inclusión no citado Rexistro deberá de figurar o programa sanitario básico e o programa de manexo e benestar dos animais da explotación, asinado polo técnico veterinario.
- No seu artigo 8, que as explotacións de raza Porcina Celta poderán propor un programa de manexo e rotación común, desenvolto pola entidade xestora do libro xenealóxico e supervisado polos seus servizos técnicos. Que deberá ser aprobado anualmente pola consellería competente en materia de gandería.

ASOPORCEL, como entidade xestora do libro xenealóxico da raza Porco Celta, redacta e supervisa este documento común a todas as explotacións extensivas desta raza porcina, co fin de cumprir coas indicacións da citada normativa.

Existen explotacións da raza Porco Celta que non están clasificadas dentro do sistema produtivo extensivo por non dispoñer da base territorial mínima dunha hectárea e que, sen embargo, realizan a cría dos animais con saída ao exterior e aproveitamento de recursos naturais do medio, nas que se considera que este

documento pode servir de guía, nos aspectos que lles sexan aplicables, para garantir un aproveitamento ordenado e evitar o deterioro do ecosistema.

Ao presente programa de manexo e rotación só se poderán acoller explotacións nas que se críe en pureza a raza Porco Celta e terá validez só se vai acompañado do anexo final cos datos individualizados da explotación acollida.

3. CONDICIÓNS XERAIS DAS EXPLOTACIÓNS

As explotacións clasificaranse en función da súa orientación e capacidade produtiva, segundo se reflicte no artigo 3 do mencionado Real Decreto 1221/2009.

No mesmo que se establecen unhas condicións mínimas e xerais para todas as explotacións porcinas extensivas, que se resumen nos epígrafes seguintes.

Para cada unha das explotacións acollidas a este programa de manexo e rotación engadirase ao final deste documento o anexo I cos datos individualizados de cada unha delas.

3.1. EXTENSIÓN DA SUPERFICIE

As explotacións porcinas extensivas asentaranse sobre unha superficie sempre continua que terá unha dimensión mínima de 1 hectárea.

Deberase indicar a superficie da explotación segundo o SIXPAC ou sistema de rexistro equivalente.

3.2. DENSIDADE GANDEIRA

A capacidade máxima das explotacións porcinas extensivas non superará o límite establecido en función da clasificación en canto a capacidade produtiva coa que figure inscrita no Rexistro de explotacións.



As explotacións rexistraranse coa capacidade máxima calculada en función do espazo dispoñible nas instalacións permanentes segundo os límites establecidos no Real Decreto 1135/2002, do 31 de outubro, relativo ás normas mínimas para a protección dos porcos.

E non excederán a carga gandeira máxima de 2,4 UGM por hectárea calculada de acordo coas equivalencias da seguinte táboa:

TIPO DE ANIMAL	EQUIVALENZA EN UGM
PORCA CON LEITÓNS DE ATA 23 KG	0.30
PORCA DE REPOSICIÓN	0.14
PORCO DE 20 A 50 KG	0.10
PORCO DE MÁIS DE 50 KG	0.16
VERRÓN	0.30
PORCA EN CICLO PECHADO	1.00

3.3. INFRAESTRUCTURAS

Segundo se recolle na normativa de ordenación do gando porcino en extensivo, xa mencionada, as granxas deben contar cunha serie de infraestruturas mínimas para garantir unhas condicións hixiénico-sanitarias e de bioseguridade axeitadas.

3.3.1. PECHE PERIMÉTRICO

A totalidade da superficie onde se asenta a explotación porcina estará pechada perimétricamente mediante unha cerca ou sistema equivalente que impida o tránsito incontrolado de animais e vehículos.



Ese peche estará formado por postes verticais, que poden ser de madeira tratada, formigón ou metálicos, sobre os que se tensa a malla cinxética ou gandeira. Este tipo de malla está fabricada con arame formando grandes cadros pouco visibles dende lonxe.

A malla máis recomendable no caso de explotacións de porcino en extensivo é aquela no que os nós entre os arames horizontais e verticais se realiza cun arame independente, de xeito que o nó é fixo e non corredizo, polo que a tea ofrece maior resistencia.

A altura do peche será dun mínimo de 1,50 metros.

E establecerase un sistema adicional para crear un efecto de dobre valado, de xeito que quede un espazo entre o valado exterior e interior que dificulte o contacto directo dos porcos con animais do exterior.

O valado interno pode consistir nun peche máis sinxelo realizado con arames a diferentes alturas conectados a un pastor eléctrico.

En ocasións, as explotacións dispoñen de peches tradicionais con paredes de pedra ou chantos. Neste caso reforzase con malla cinxética e/ou pastor eléctrico para acadar a altura e o espazo intervalado comentado.

Tamén se admiten sistemas de control de animais baseados en retención por aprendizaxe, principalmente no aproveitamento de grandes extensións de monte. Neste caso o perímetro da explotación pode estar pechado con malla gandeira electrificada tensada sobre varetas metálicas.

Poderanse empregar portas ou pasos canadenses nas pistas rurais, forestais ou nos camiños de acceso a este tipo de explotacións como complemento aos valados.

Unha vez pechada no seu perímetro a totalidade da superficie da explotación realizarase a subdivisión da mesma nas parcelas necesarias para realizar a rotación de aproveitamento de recursos. Esta subdivisión realizarase habitualmente mediante arames conectados a pastor eléctrico ou con malla gandeira electrificada, como se mostra no exemplo da imaxe.



3.3.2. ACCESOS

Todas as entradas asignadas para a recepción de vehículos de transporte de animais ou de calquera outro tipo, contarán cun sistema eficaz para a desinfección das rodas e do resto do vehículo. Así como para a desinfección do calzado de operarios e visitantes.

As granxas instaladas con posterioridade a entrada en vigor do RD 1221/2009 estarán deseñadas para evitar a entrada de vehículos alleos, polo que disporán dun molle exterior para a carga e descarga de animais ou mercadorías. Só poderá

admitirse a entrada de vehículos alleos dentro do peche perimétrico se as instalacións permanentes están incluídas nun recinto pechado, ao que non poderán acceder os vehículos.

Ademais dispórase dun sistema eficaz de control e rexistro das visitas que se produzan á área das instalacións permanentes. Tendo sempre en conta que é importante reducir ao mínimo posible a entrada de persoas alleas á explotación

3.3.3. EDIFICACIÓNS

As instalacións permanentes da explotación deberán permitir a eficaz limpeza, desinfección, desinsectación e desratización.

E deberán estar acordes ao estipulado no RD 1135/2002, de 31 de outubro, relativo ás normas mínimas para a protección dos porcos.

As instalacións permanentes permitirán o secuestro de todos os animais da explotación cando sexa preciso por razóns sanitarias.

Do mesmo xeito, o vestiario do persoal e os utensilios de limpeza e manexo serán de uso exclusivo de cada explotación.

3.4. ESTATUS SANITARIO DA EXPLOTACIÓN

Todas as explotacións con animais inscritos no libro xenealóxico da raza Porco Celta están obrigadas a aplicar e manter o PROGRAMA SANITARIO E DE BENESTAR ANIMAL PARA O PLAN DE APROVEITAMENTO CON PORCO CELTA desenvolvido por ASOPORCEL e aprobado pola autoridade competente.

Este programa está a disposición pública na páxina web da asociación:

<https://asoporcel.es/programa-sanitario/>

4. MANEXO DA ALIMENTACIÓN

O sistema de explotación en extensivo consiste no aproveitamento directo por parte dos animais dos recursos agroforestais durante todo o ano e mediante pastoreo.

Este aproveitamento, no caso do Porco Celta, pode levarse a cabo en parcelas de monte, pasteiros, soutos, carballeiras, etc...o que suporá o aproveitamento de diferentes froitos e vexetais.

Ao marxe deste aproveitamento a dente dos recursos das parcelas onde pastorean subministráselles diariamente e en cantidade suficiente segundo as súas necesidades unha ración de mestura de cereais balanceada e formulada en función da idade e estado fisiolóxico e produtivo dos animais.

E disporán de acceso *ad libitum* a auga potable de bebida, segundo os criterios establecidos no Real Decreto 3/2023, do 10 de xaneiro, polo que se establecen os criterios técnico-sanitarios da calidade de auga de consumo, o seu control e subministro.

Para garantir un aproveitamento adecuado do medio sen que se cheguen a producir fenómenos de sobreexplotación ou erosión do mesmo levarase a cabo a xestión da superficie mediante rotación. Podendo realizar esta rotación de dous xeitos diferentes, e sempre sen superar a carga gandeira máxima de 2,4 UGM/Ha:

Rotación de parcelas: Neste sistema a explotación divídese en diferentes parcelas mediante peches permanentes ou temporais. A división farase en función de criterios técnicos que permitan un aproveitamento ordenado e racional dos recursos da explotación. Segundo os exemplares vaian consumindo os recursos dos diferentes parcelas iranse rotando ás seguintes. O tempo de rotación variará en función das recursos dispoñibles en cada predio. Cómpre un control periódico da piara para evitar a sobreexplotación de determinadas zonas e o non aproveitamento de outras. Terase especial atención ó subministro de auga e alimento suplementario nas zonas que non dispoñan de recursos suficientes ou axeitados.

“Todo dentro – Todo fóra”: Neste sistema a parcela mantense sen divisións. Os animais mantéñense dentro da parcela durante 8 a 10 meses. Tras a retirada dos animais da parcela, que coincidirá coa saída dos mesmos da explotación, deixarase

descansar a finca para recuperar os recursos da mesma. Manteranse visitas e controis habituais para evitar a sobreexplotación e danos ambientais.

En xeral e na medida do posible intentarase manter cargas inferiores ao máximo permitido, regularanse os tempos de ocupación e estableceranse períodos de repouso para as parcelas dun mínimo de 30 días de duración. Antes da reintrodución de animais nas parcelas tras o tempo de descanso realizarase unha avaliación previa das condicións de terreo.

Axustaranse todos estes parámetros en función da existencia de limitacións ambientais e condicionantes como as precipitacións, posto que o chan húmido é máis sensible á compactación coa presión.

En cada caso particular indicárase o sistema empregado, o período de permanencia dos animais por parcela e a orde de rotación entre parcelas. Deberá constar onde terán lugar as diferentes fases produtivas:

- Zona de cubrición e xestación
- Zona de partos
- Zona de destete e transición
- Zona de cebo

Os datos e condicións individuais da explotación acollida recolleranse no anexo final do documento (Anexo I).

Técnicos de ASOPORCEL controlarán que o sistema de xestión se adapta ao estipulado neste punto así coma se o manexo que se fai dos animais é o axeitado.



5. ASPECTOS MEDIOAMBIENTAIS

Coa fin de evitar a contaminación e reducir ao mínimo o impacto da actividade gandeira no medio contemplaranse unha serie de medidas e diferentes estudos.

5.1. MEDIDAS PARA EVITAR O DETERIORO DO MEDIO

Prestarase especial atención á adopción de medidas para evitar a contaminación por nitratos, a degradación e erosión do solo e a perda de arborado nos terreos.

En calquera destes aspectos resulta fundamental ter en conta os niveis de nitróxeno que aportan ao chan as excretas dos porcos. Posto que os animais permanecen pastoreando no exterior e a maior parte das dexeccións verteranse directamente no solo, os principais instrumentos para preservar o medio nestes termos son o adecuado axuste da carga gandeira e a aplicación dun adecuado plan de rotación dos terreos.

Podemos, ademais, ter en conta unha serie de consideracións de manexo que poden minimizar o impacto da concentración destas excretas en determinadas zonas como por exemplo evitar instalacións fixas na medida do posible ou trasladalas periodicamente, así como manter un mínimo de cuberta herbácea que serve para reter nitróxeno e auga e, polo tanto reducir o risco de contaminación, especialmente nas beiras dos cursos de auga para evitar a posible contaminación por escorrentía.

Para evitar a degradación e erosión do solo e a perda do arborado, ademais de ter en conta non superar a carga máxima gandeira permitida, para manter axustado o número de animais e o aporte de nitróxeno das dexeccións, se fose necesario poñeranse outros medios para que os comportamentos propios dos porcos (rascado, fozado...) non prexudiquen ás árbores, como por exemplo a instalación de pequenos cercados arredor destas ou realizar o anelado do fociño do animal de acordo ao recollido na normativa de benestar animal.



5.2. ESTUDO DA XEOMORFOLOXÍA E EDAFOLOXÍA

O solo é o soporte e sustento de todo sistema agropecuario e a súa calidade é un aspecto importante a ter en conta nun sistema agrícola rendible e sustentable.

Coñecer as características do chan é o punto de partida para poder integralo en óptimas condicións ao sistema agrogandeiro, logrando extraer os máximos beneficios sen atender contra a súa perdurabilidade ou contribuír á súa degradación.

Para dar unha descrición o máis completa posible do solo da parcela da explotación será preciso facer os seguintes estudos:

- **Estudo edafolóxico**, que describa as propiedades físicas do solo, a través dos parámetros: estrutura, textura, porosidade e densidade aparente.
- **Estudo xeomorfolóxico**, que describa a forma do terreo, no que se terá en conta a pendente media da parcela e a orografía do terreo.

Cada explotación extensiva de Porco Celta redactará un estudio de xeomorfoloxía e edafoloxía da mesma, que se presentará dentro do Anexo I deste programa de manexo e rotación para a solicitude de inclusión no Rexistro Galego de Explotacións Porcinas Extensivas.

Para a caracterización das propiedades físicas a incluír no estudo edafolóxico empregárase un programa GIS (*Geographical Information System*) de libre acceso e desenvolto polo departamento de edafoloxía e química orgánica da USC.

O acceso a este sistema de información xeográfica realizarase a través da seguinte páxina web: <http://rgis.cesga.es/>

Deste sistema extraeráse a información dos parámetros do solo: propiedades físicas, químicas, litoloxía, usos, formas de relevo e clima, na zona onde se encontra situada a explotación, cun nivel de tolerancia de erro aceptable. De ser preciso comprobar a fiabilidade de ditos datos farase unha análise do solo *in situ* para ter en conta calquera modificación puntual e poder reaxustar os datos proporcionados polo GIS.

Para realizar o estudo xeomorfolóxico obterase a información da parcela en función dos valores dispoñibles no Sistema de Información Xeográfica de Parcelas Agrícolas (SIXPAC). Determinarase a pendente media da parcela e analizarase o perfil

orográfico do terreo (chaira, fondo dun val, ladeira, outeiro...) para estimar se existe risco de perda de solo por erosión.

5.3. ESTUDO HIDROLÓXICO

Cada explotación extensiva de Porco Celta redactará un estudo hidrolóxico da mesma con especificación de distancias a puntos e cursos de auga que puideran verse afectados, que se presentará dentro do Anexo I deste programa de manexo e rotación para a solicitude de inclusión no Rexistro Galego de Explotacións Porcinas Extensivas.

Para realizar o estudo hidrolóxico farase unha consulta no Sistema de Información Xeográfica de Galicia na seguinte dirección web:

<http://mapas.xunta.gal/visores/basico/>

Empregando as capas de información que están dispoñibles en canto a hidrografía a través desta ferramenta cartográfica faranse as medicións de distancias dende a parcela da explotación, a través da busca coa referencia catastral no propio GIS, ata os puntos de auga existentes na zona máis inmediata.

Completarase o estudo cos datos da hidroxeoloxía para determinar a permeabilidade do solo.

Por outra parte, sinalaranse as posibles limitacións a ter en conta nas parcelas situadas dentro de espazos naturais como Rede Natura 2000 ou a Reserva da Biosfera.

5.4. SISTEMA DE XESTIÓN MEDIOAMBIENTAL

Para realizar unha correcta xestión medioambiental levarase a cabo o control e xestión dos residuos xerados pola explotación gandeira.

Non se abandonaran sacos, bolsas de plástico nin calquera outro tipo de material perigoso na contorna ambiental e, ademais, non se reutilizan estes envases para outros usos non autorizados.

5.4.1. XESTIÓN DE MEDICAMENTOS

O uso na explotación de medicamentos veterinarios e pensos medicamentosos realizarase conforme á normativa vixente. Todos os tratamentos deberán estar prescritos na correspondente receita veterinaria e anotados no libro de rexistro de tratamentos da explotación.

Os medicamentos almacenaranse segundo os requirimentos indicados nas receitas e respectaranse as datas de caducidade.

A eliminación dos residuos de especial tratamento definidos na Lei 8/2003, de 24 de abril, de sanidade animal: envases de medicamentos, vacinas, medicamentos caducados, xiringas desbotables e toda clase de utensilios de exploración ou aplicación, así como material cirúrxico desbotable, será a través de xestores autorizados, en base ao establecido no Decreto 38/2015, do 26 de febreiro, de residuos sanitarios de Galicia.

5.4.2. XESTIÓN DE PRODUTOS ZOOSANITARIOS

Os biocidas son sustancias activas e/ou preparados destinados a destruír, contrarrestar, neutralizar, impedir a acción ou exercer un control doutro tipo sobre calquera organismo nocivo por medios químicos ou biolóxicos. Trátase de produtos incluídos no anexo V do Real Decreto 1054/2002 de 11 de Outubro, polo que se regula o proceso de avaliación para o rexistro, autorización e comercialización de biocidas. Os produtos gandeiros que se poden incluír neste apartado son desinfectantes tanto para instalacións como para auga potable, produtos de hixiene veterinaria, rodenticidas, avicidas, insecticidas e aracnicidas.

Só se poderán utilizar biocidas autorizados pola autoridade competente de tal forma que a súa correcta adquisición, almacenamento e utilización en función das características e forma de aplicación do produto, nos aseguren a non presenza de riscos para o ser humano, animais ou para o medio ambiente.

A manipulación e aplicación deste tipo de produtos será realizada conforme á normativa vixente e por unha persoa con acreditación para o manexo deste tipo de produtos (Licenza de aplicador/manipulador de biocidas).



Estes produtos almacenaranse nun lugar específico, separado, lonxe da acción do sol, ben ventilado, seco, correctamente iluminado e identificado.

Os envases baleiros deste tipo de produtos serán depositados e postos a disposición dos establecementos con sistema integrado de xestión para o seu tratamento e/ou eliminación.

5.4.3. XESTIÓN DE CADÁVERES

O Regulamento (CE) Nº 1069/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, de 3 de outubro de 2002, establece normas en materia de saúde animal e pública aplicables á recollida, o transporte, o almacenamento e a utilización ou eliminación de subprodutos animais (*corpos enteiros ou partes de animais ou produtos de orixe animal mencionados nos artigos 8, 9, e 10, non destinados ao consumo humano*), co obxecto de impedir que estes produtos entrañen algún tipo de risco para a saúde humana ou animal.

Polo tanto, os animais mortos na explotación separaranse e almacenaranse nunha zona especialmente habilitada para este fin nas instalacións, para posteriormente ser retirados e eliminados pola empresa xestora autorizada.

5.4.4. XESTIÓN DE ESTERCOS E XURROS

A actividade gandeira ten unha repercusión sobre o medio ambiente, podendo alterar a calidade do aire, do solo e da auga, xerar gases de efecto invernadoiro ou emitir po e olores. Estas emisións están limitadas por diversas normativas e, ademais, existen requisitos legais de xestión e boas prácticas agrarias que deben cumprir os agricultores e gandeiros que reciban pagos no marco da Política Agraria Común (PAC).

A alta concentración de actividade gandeira intensiva está xerando excedentes de esterco e xurro en determinadas zonas que a agricultura non é capaz de absorber, ocasionando un risco ambiental que é preciso atallar o antes posible, coa finalidade de previr graves problemas medioambientais que poden derivarse dunha xestión inadecuada de xurros e de esterco tales como a contaminación difusa da auga (eutrofización, contaminación por nitratos e contaminación microbiolóxica),

acumulación de fósforo e metais pesados no solo e emisións á atmosfera de amoníaco e gases de efecto invernadoiro, así como a xeración de olores.

Ao mesmo tempo, esta xestión das dexeccións gandeiras debe producir unha fonte recorrente e segura de fertilizantes naturais para as explotacións agrícolas que permita poñer a disposición do consumidor produtos máis seguros e de mellor calidade.

O Real Decreto 47/2022, de 18 de xaneiro, sobre protección das augas contra a contaminación difusa producida polos nitratos procedentes de fontes agrarias limita a cantidade máxima de esterco ou xurro que se pode botar ao solo agrícola de xeito que non se supere o contido de 210 Kg N/ha e 170 Kg N/ha en zonas consideradas vulnerables.

Cabe destacar que os valores da composición de nutrientes dos estercos e xurros de porcino recollidos nos estudos e lexislación refiren valores medios obtidos en explotacións intensivas, sen embargo no caso de Porco Celta en extensivo esas cantidades de nitróxeno vense reducidas por varios motivos. Primeiramente porque o aporte proteico a través de pensos na alimentación é inferior que no porcino estabulado, que non realiza aproveitamentos de vexetación e froitos a dente, polo que o nitróxeno existente nas dexeccións sería moi inferior aos valores tabulados. E por outra banda, as cantidades de esterco obtidas tamén se verán reducidas porque os animais permanecen en liberdade nas parcelas e non existe a necesidade facer camas con aporte de palla e outros materiais, excepto en momentos puntuais como poden ser os partos, coa consecuente redución dos volumes obtidos.

Asumindo que a produción do esterco en porcino contén niveles de nitróxeno a razón de 60 kg por UGM e ano, pódese estimar a produción máxima de nitróxeno de cada explotación en función da carga gandeira máxima desa explotación.

O Real Decreto 1221/2009, do 17 de xullo, polo que se establecen normas básicas de ordenación das explotacións de gando porcino extensivo, determina como carga gandeira máxima 2,4 UGM/Ha, polo que o valor do nitróxeno aportado polo esterco sería de 144 kg N/Ha, non superando o valor máximo establecido pola lexislación anteriormente citado.

Por outra parte, tamén hai que ter en conta que o cultivo predominante das parcelas nas que se encontre a explotación será un pasteiro de pastoreo cunhas

necesidades de 160 kg de N/Ha, valor que non se ve totalmente cuberto coas aportacións das dexeccións dos porcos que ocupan a parcela.

Debido a que nas explotacións reducidas en extensivo os animais poden saír ó exterior, a cantidade de esterco producido nas instalacións permanentes é practicamente residual, non será necesario a construción de infraestruturas destinadas a estercoleiros. Faise necesario destacar, que xa se tivo en conta do cálculo de superficie total da explotación o esterco producido total, é dicir, parte das dexeccións serán depositadas directamente polos animais na parcela ao estar en pastoreo e a outra parte quedarán nas instalacións. Hai que ter en conta que este esterco producido a partires das dexeccións dos animais e da aportación de palla nas parideiras vai facer unha dobre función, por unha parte a de dar calor e limpeza aos leitóns e, por outra, serve de aporte de materia orgánica ó solo mellorando a súa estrutura, factor que contribuirá na redución da erosión do solo.

En explotacións de capacidade superior ás de tipo reducido (grupo primeiro, segundo ou terceiro), no relativo ás dexeccións que os animais realizan nas parcelas pastoreadas considerárase, de igual xeito que nas granxas reducidas, que os aportes de nitróxeno non superan os valores máximos establecidos pola lexislación sempre que se respecte a carga gandeira máxima de 2,4 UGM/Ha. Sen embargo, dado que as instalacións permanentes deberán poder albergar todo o censo da granxa, que será maior que nunha granxa reducida, precisarase dispoñer dunha fosa de xurro ou dun estorcoleiro de dimensións axeitadas e acordes á capacidade máxima de animais para a que está autorizada a explotación, de maneira que se poidan xestionar os residuos producidos dentro das instalacións.

A eliminación e/ou usos dos estercos e xurros como subprodutos de orixe animal non destinados ao consumo humano deberá cumprir as obrigas contempladas no Regulamento (CE) 1069/2009, do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de outubro de 2009, polo que se establecen as normas sanitarias aplicables aos subprodutos animais e os produtos derivados non destinados ao consumo humano.

Estas granxas xestionarán os estercos e xurros acumulados, ben mediante valorización agronómica, ou ben, mediante a entrega a un operador debidamente rexistrado e autorizado pola autoridade competente.

No caso de xestionar os xurros e estercos mediante valorización agronómica respectaranse as distancias mínimas para a distribución de esterco no terreo e, segundo o establecido no Regulamento do Dominio Público Hidráulico, en canto aos

cursos de auga, e dispoñeráse de superficie agrícola suficiente para axustarse ao establecido na lexislación vixente sobre protección de augas contra a contaminación.

De maneira que, na aplicación de esterco e xurros deixarase sen aboar unha franxa de entre 2 e 10 metros xunto a todos os cursos de auga e, co obxecto de reducir o risco de contaminación de augas subterráneas, gardarase unha distancia de entre 35 e 50 metros a pozos e fontes. Estas distancias, sen embargo, non son necesarias no caso do pastoreo directo dos animais a carón dos cursos de auga dado que non supoñen riscos importantes de proxección ou escorredura das dexeccións.

Teranse en conta as medidas establecidas no **Código galego de boas prácticas agrarias** para evitar a contaminación por nitratos dos terreos onde se aplican esterco e xurros como fertilizantes. Principalmente:

- 1- Aplicar nos momentos de máis demanda de nitróxeno do cultivo e co método de aplicación adecuado.
- 2- Aplicar de xeito uniforme e coa periodicidade adecuada.
- 3- Adoptar medidas para a aplicación en terreos con moita pendente: non aplicar en épocas de choiva, aplicar preferiblemente esterco e non xurro, ou facer a aplicación mediante enterramento en solos espidos de vexetación.
- 4- Non aplicar en terreos inundados, xeados ou nevados polo risco de escorredura e/ou infiltración, e polo baixo aproveitamento do nitróxeno que poderá facer a vexetación.
- 5- Manter un manto mínimo de vexetación que absorba o nitróxeno do chan durante os períodos de choiva, para que os nitratos non contaminen as augas.
- 6- Empregar cultivos con alta demanda de nitróxeno que aproveiten os nitratos arrastrados a capas profundas (millo, renovación de pradeiras...)
- 7- Levar rexistro das parcelas nas que se aplican esterco e xurros

Todos estes aspectos recolleranse no Plan de produción e xestión do esterco do Sistema Integral de Xestión das Explotacións de gando porcino.



6. PROCEDEMENTO DE VERIFICACIÓN

ASOPORCEL levará a cabo un programa de verificación e control do cumprimento dos datos e medidas indicadas no programa de manexo das explotacións que se adhiran o presente plan de manexo. O programa de verificación estruturase nos seguintes apartados:

Verificación de fiabilidade dos datos.

Antes de permitir a adhesión dunha explotación ASOPORCEL comprobará, mediante visita dos técnicos á explotación, os seguintes apartados:

- Datos do estudo xeomorfolóxico e edafolóxico.
- Datos do estudo hidrolóxico.
- Características da explotación: Nº de animais, raza, instalacións, peches, características da parcelas, recursos alimenticios, etc

Verificación das diferentes medidas e sistemas propostos.

Comprobarase que as medidas e sistemas propostos se adaptan as características técnicas da explotación. Vixiaranse:

- As medidas de xestión medioambiental.
- A extensión e densidade gandeira da explotación.
- O sistema de rotación dos animais polas parcelas.
- O deseño e manexo dos peches perimétricos.
- O sistema de xestión de estercos e xurros.

No caso de que o exposto nalgún dos apartados non cumpra coa lexislación vixente ou co indicado neste programa de manexo, indicaráselle ó solicitante para que arranxe as eivas atopadas.

No caso de non se corrixir as deficiencias non se aceptará a solicitude.

Verificación do cumprimento das medidas indicadas.

Realizaranse visitas para comprobar que o plan de manexo e as medidas propostas se aplican segundo o especificado.

No caso de atopar eivas no funcionamento indicaráselle ó propietario as medidas correctoras a empregar. Realizaranse visitas con posterioridade para verificar que se levan a cabo as correccións indicadas.

No caso de non aplicar as correccións indicadas, ou persistir nos incumprimentos, darase traslado á autoridade competente para que adopte as medidas oportunas.

7. NORMATIVA DE REFERENCIA

- **Lei 8/2003**, do 24 de abril, de sanidade animal.
- **Real Decreto 306/2020**, de 11 de febreiro, por el que se establecen normas básicas de ordenación das granxas porcinas intensivas, e se modifica a normativa básica de ordenación das explotacións de gando porcino extensivo. Modificado polo RD988/2022, de 29 de novembro.
- **Real Decreto 1221/2009**, de 17 de xullo, polo que se establecen as normas básicas de ordenación de explotacións de gando porcino extensivo e polo que se modifica o Real Decreto 1547/2004, de 25 de xuño, polo que se establecen as normas de ordenación de as explotacións cunícolas. Modificado polo Real Decreto 93/2021, do 16 de febreiro.
- **Decreto 223/2011**, del 17 de novembro, polo que se desenrolan as normas básicas de ordenación das explotacións porcinas extensivas e se crea o Rexistro Galego de Explotacións Porcinas Extensivas da Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Real Decreto 1135/2002**, do 31 de outubro, relativo ás normas mínimas para a protección dos porcos.
- **Regulamento (CE) nº 1069/2009** do Parlamento Europeo e do Consello de 21 de outubro de 2009, polo que se establecen as normas sanitarias aplicables aos subprodutos animais e aos produtos derivados non destinados ao consumo humano e polo que se derroga o Regulamento (CE) 1774/2002.
- **Real Decreto Legislativo 1/2001**, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas.



- **Real Decreto 47/2022**, de 18 de xaneiro, sobre protección das augas contra a contaminación difusa producida polo nitratos procedentes de fontes agraria.
- **Decreto 38/2015**, do 26 de febreiro, de residuos sanitarios de Galicia.
- **Real Decreto 1055/2022**, do 27 de decembro, de envases y residuos de envases.
- **Lei 42/2007**, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade.
- **Real Decreto 3/2023**, do 10 de xaneiro, polo que se establecen os criterios técnico-sanitarios da calidade da auga de consumo, o seu control e subministro.
- **Real Decreto 902/2018, do 20 de xullo**, polo que se modifica o Real Decreto 140/2003, do 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade de auga de consumo humano, e as especificacións dos métodos de análises do Real Decreto 1798/2010, do 30 de decembro, polo que se regula a elaboración e comercialización de augas preparadas envasadas para consumo humano.
- **Real Decreto 1054/2002**, do 11 de outubro, polo que se regula o proceso de avaliación para o rexistro, autorización e comercialización de biocidas.
- **Real Decreto 830/2010**, do 25 de xuño, polo que se establece a normativa reguladora da capacitación para realizar tratamentos con biocidas.



ANEXO I. DATOS DA EXPLOTACIÓN ACOLLIDA

Segundo o artigo 8 do Decreto 223/2011, de 17 de novembro, polo que se desenvolven as normas básicas de ordenación das explotacións porcinas extensivas e se crea o Rexistro Galego de Explotacións Porcinas Extensivas na Comunidade Autónoma de Galicia, as explotacións da raza Porco Celta poderán propoñer un programa de manexo e rotación común, desenvolto pola entidade xestora do libro xenealóxico.

No seguinte anexo recóllense os datos individuais da explotación que se acolle ao Programa de manexo e rotación para explotacións extensivas de Porco Celta desenvolto por ASOPORCEL.



DATOS XERAIS DA EXPLOTACIÓN ACOLLIDA				
DATOS DO TITULAR	APELIDOS			
	NOME			
	NIF / CIF			
	ENDEREZO	LUGAR		
		CONCELLO		
		PROVINCIA/CP		
DATOS DA EXPLOTACIÓN	REGA			
	ENDEREZO	LUGAR		
		CONCELLO		
		PROVINCIA		
	COORDENADAS XEOGRÁFICAS		X	
			Y	
	RAZA			
	OBSERVACIÓNS			



DESCRICIÓN DO SISTEMA DE APROVEITAMENTO	
REFERENCIA CATASTRAL	
SUPERFICIE TOTAL (HECTÁREAS)	
CARACTERÍSTICAS CONSTRUCTIVAS DO PECHE PERIMETRAL	
SUPERFICIE ÚTIL PECHADA	
NÚMERO DE SUBPARCELAS	
CARACERÍSTICAS DOS PECHES DAS SUBPARCELAS	



DESCRIPCIÓN DO SISTEMA DE APROVEITAMENTO				
DENSIDADE GANDEIRA	Nº PORCAS CON LEITÓNS DE ATA 23 KG		0,30	
	Nº PORCAS DE REPOSICIÓN		0,14	
	Nº DE PORCOS DE 20 A 50 KG		0,10	
	Nº DE PORCOS DE MÁIS DE 50 KG		0,16	
	VERRÓN		0,30	
	PORCA EN CICLO PECHADO		1,00	
	UGM TOTALES			
	UGM/HA			
RECURSOS PARA PASTOEREO	TIPO DE RECURSO			
	PRODUCCIÓN MEDIA ANUAL DE MATERIA SECA (Kg/ANO)			
	OBSERVACIÓNS			



DESCRIPCIÓN DO SISTEMA DE APROVEITAMENTO


TIPO DE ROTACIÓN	<input type="checkbox"/>	SISTEMA DE ROTACIÓN DE PARCELAS
	<input type="checkbox"/>	SISTEMA "TODO DENTRO-TODO FORA"
ALIMENTACIÓN COMPLEMENTARIA		
PUNTOS DE SUBMINISTRO		

PLAN DE ROTACIÓN

IDENTIFICACIÓN DA PARCELA POR ORDE DE ROTACIÓN	SUPERFICIE DA PARCELA (Ha)	UGM	NÚMERO DE ANIMAIS	DATA DA ENTRADA DOS ANIMAIS	DATA DA SAÍDA DOS ANIMAIS



MAPA DESCRIPTIVO DA EXPLOTACIÓN



ESTUDO DA XEOMORFOLOXÍA E EDAFOLOXÍA**TEXTURA****ESTRUTURA****DENSIDADE APARENTE****POROSIDADE DO SOLO****PENDENTE MEDIA****OROGRAFÍA****ESTUDO HIDROLÓXICO****DESCRICIÓN DO ACUÍFERO****DISTANCIA ACUÍFERO - PECHE
(METROS)****OBSERVACIÓNS**

ESTUDO HIDROLÓXICO

DESCRICIÓN DO ACUÍFERO	
DISTANCIA ACUÍFERO - PECHE (METROS)	
OBSERVACIÓNS	

ASOPORCEL**TITULAR DA EXPLOTACIÓN****FDO:****FDO:**